

PLATAFORMA PRAZA PÚBLICA DE SALGUEIRIÑOS

MANIFESTO

A cidade conformouse historicamente como un espazo de socialización e intercambio entre seres humanos, nucleada en torno as prazas e espazos públicos. A figura dos barrios, entendidos non como un simple conxunto de vivendas nun espazo determinado senón como un núcleo social cohesionado foi parte importante deste proceso. Barrios nos que os distintos usos do solo contribuían a dotalo de entidade propia e facilitaban o mantemento e reforzamento dos intercambios, revelábanse peza fundamental da constitución dunha cidadanía consciente da súa realidade social, facilitando o coñecemento colectivo das necesidades e problemas e promovendo a súa solución.

Porén, a evolución do urbanismo perdeu esta visión humana da cidade. As dinámicas especulativas foron reducindo progresivamente a presenza destes espazos públicos descentralizados en favor de acumular vivendas, moito máis lucrativas para as administracións e as empresas construtoras, e concentrando artificialmente noutras partes da cidade os usos sociais destes espazos.

A actual especialización dos espazos urbanos obriga a importantes desprazamentos para acceder aos lugares de traballo, estudo, compra e lecer; perdéndose a dimensión da proximidade, que define a posibilidade de que unha persoa poida desenvolver a meirande parte das súas actividades cotiáns en distancias facilmente abarcábeis a pé, obstaculizando, xa que logo, a conformación dunha cidade ambientalmente sustentábel e socialmente cohesionada.

As prazas e parques fan parte fundamental desta dimensión humana da cidade, permitindo a combinación dos usos lúdicos, culturais e comerciais, e fornecendo unha base estábel e un espazo de referencia onde construír o tecido das relacións sociais comunitarias, cerne dunha cidadanía cohesionada, consciente, empática, solidaria e participativa.

O Concello de Santiago aprobou no ano 1994, ao abeiro do plano vixente, o Proxecto de Praza Pública para Salgueiriños redactado polo Arquitecto Gallego Jorroto, que contemplaba:

- un intercambiador urbano en superficie e un aparcadoiro público soterrado de 600 prazas,
- un espazo cuberto de usos múltiples quen de acoller diferentes usos públicos tais como: concertos, manifestacións culturais, feiras e mercados, etc.
- un espazo aberto de 2.500 m² para usos múltiples ao ar libre,
- unha edificación de altura máxima de dous andares, utilizable na súa cuberta como gradas, e na que se sitúan os accesos rodado e a pe ao aparcadoiro público, aseos públicos, dependencias auxiliares, así como paradas de autobuses urbanos e de taxis.

- un espazo arborado en plantación xeométrica (alameda),
- un espazo arborado en plantación densa (carballeira) en conexión coa zona verde do SUNP- 2 Salgueiriños.
- recuperación do río do Corvo como fito fundamental da ordenación de todos estes elementos.

Este proxecto está amplamente fundamentado en parámetros urbanísticos reais da cidade de Santiago, as súas necesidades, e a calidade de vida dos seus habitantes; deseñando unha infraestrutura útil e positiva para moitas décadas. A aprobación definitiva no pleno do Concello, hai agora doce anos, recibiu os maiores parabéns técnicos e políticos tanto desde o propio Concello como desde o exterior.

O proposta do PXOM exposta ao público en agosto de 2005 propón a recualificación dunha terceira parte destes terreos de Salgueiriños -de titularidade municipal- para a construción de vivendas, impedindo a execución do proxecto vixente. Esta proposta recóllese sen ningún tipo de argumentación nen fundamentos, e tamén incumprindo os correspondentes requisitos legais.

É por isto que os colectivos asinantes deste manifesto consideramos de máxima gravidade este intento de recualificación de terreos públicos e a conseguinte desaparición da Praza Pública de Salgueiriños tal e como foi concebida; e manifestamos a nosa adhesión ás alegacións presentadas neste senso por sete colectivos veciñais e máis dun millar de cidadáns.

Constitúese esta plataforma veciñal para a defensa da Praza Pública de Salgueiriños en Santiago, a 11 de maio de 2006.